

Disposición derradeira primeira. *Elaboración e actualización da guía técnica.*

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, de acordo co disposto no artigo 5.3 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, elaborará e manterá actualizada unha guía técnica de carácter non vinculante, para a avaliación e prevención dos riscos derivados da exposición a vibracións mecánicas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, así como para incorporar ao anexo as adaptacións de carácter estritamente técnico adoptadas pola Comisión Europea de conformidade co disposto nos artigos 11 e 12 da Directiva 2002/44/CE.

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

ANEXO

A. *Vibración transmitida ao sistema man-brazo*

1. *Avaliación da exposición.*—A avaliación do nivel de exposición á vibración transmitida ao sistema man-brazo baséase no cálculo do valor de exposición diaria, normalizado para un período de referencia de oito horas, $A(8)$, expresada como a raíz cadrada da suma dos cadrados (valor total) dos valores eficaces de aceleración ponderada en frecuencia, determinados segundo os eixes ortogonais a_{hwz} , a_{hwy} e a_{hwz} , como se define nos capítulos 4 e 5 e no anexo A da norma UNE-EN ISO 5349-1 (2002).

A avaliación do nivel de exposición pode efectuarse mediante unha estimación baseada nas informacións relativas ao nivel de emisión dos equipos de traballo utilizados, proporcionadas polos fabricantes dos ditos materiais e mediante a observación das prácticas de traballo específicas ou mediante medición.

2. *Medición.*—Cando se proceda á medición, de conformidade co artigo 4.1:

a) Os métodos utilizados poderán implicar unha mostraxe, que deberá ser representativa da exposición do traballador ás vibracións mecánicas en cuestión; os métodos e aparellos utilizados deberán adaptarse ás características específicas das vibracións mecánicas que deban medirse, aos factores ambientais e ás características dos aparellos de medida, de acordo coa norma UNE-EN ISO 5349-2 (2002).

b) Cando se trate de aparellos que deban sosterse con ambas as mans, as medicións deberán realizarse en cada man. A exposición será determinada por referencia ao valor máis elevado; tamén se dará información sobre a outra man.

3. *Interferencias.*—As disposicións do artigo 4.4.d) aplicaranse, en particular, cando as vibracións mecánicas dificulten a correcta manipulación dos controis ou a boa lectura dos aparellos indicadores.

4. *Riscos indirectos.*—As disposicións do artigo 4.4.d) aplicaranse, en particular, cando as vibracións mecánicas

prexudiquen a estabilidade das estruturas ou o bo estado dos elementos de unión.

5. *Equipos de protección individual.*—Os equipos de protección individual contra a vibración transmitida ao sistema man-brazo poden contribuir ao programa de medidas mencionado no artigo 5.2.

B. *Vibración transmitida ao corpo enteiro*

1. *Avaliación da exposición.*—A avaliación do nivel de exposición ás vibracións baséase no cálculo da exposición diaria $A(8)$ expresada como a aceleración continua equivalente para un período de oito horas, calculada como o maior dos valores eficaces das aceleracións ponderadas en frecuencia determinadas segundo os tres eixes ortogonais ($1,4_{awxz}$, $1,4_{awyz}$, a_{wz} , para un traballador sentado ou de pé), de conformidade cos capítulos 5, 6 e 7, o anexo A e o anexo B da norma ISO 2631-1 (1997).

A avaliación do nivel de exposición pode efectuarse mediante unha estimación baseada nas informacións relativas ao nivel de emisión dos equipos de traballo utilizados, proporcionadas polos fabricantes dos ditos materiais e mediante a observación das prácticas de traballo específicas ou mediante medición.

No sector da navegación marítima poderán terse en conta unicamente, para a avaliación das exposicións, as vibracións de frecuencia superior a 1 Hz.

2. *Medición.*—Cando se proceda á medición, de conformidade co artigo 4.1, os métodos utilizados poderán implicar unha mostraxe, que deberá ser representativa da exposición do traballador ás vibracións mecánicas en cuestión. Os métodos utilizados deberán adaptarse ás características específicas das vibracións mecánicas que deban medirse, aos factores ambientais e ás características dos aparellos de medida.

3. *Interferencias.*—As disposicións do artigo 4.4.d) aplicaranse, en particular, cando as vibracións mecánicas dificulten a correcta manipulación dos controis ou a boa lectura dos aparellos indicadores.

4. *Riscos indirectos.*—As disposicións do artigo 4.4.d) aplicaranse, en particular, cando as vibracións mecánicas prexudiquen a estabilidade das estruturas ou o bo estado dos elementos de unión.

5. *Prolongación da exposición.*—As disposicións do artigo 4.4.g) aplicaranse, en particular, cando a natureza da actividade implique a utilización por parte dos traballadores de locais de descanso baixo responsabilidade do empresario; excepto en casos de forza maior, a exposición do corpo enteiro ás vibracións nestes locais debe reducirse a un nivel compatible coas funcións e condicións de utilización destes locais.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18263 *REAL DECRETO 1260/2005, do 21 de outubro, polo que se establece a normativa básica das axudas estatais ao sacrificio en matadoiro de galiñas poñedoras afectadas ou sospeitosas de salmonelose de importancia para a saúde pública.* («BOE» 265, do 5-11-2005.)

Dentro do Programa nacional de vixilancia e control de salmonelose en explotacións de aves poñedoras cuxos ovos se destinen a comercialización para consumo humano, establecido mediante a Orde PRE/1377/2005,

do 16 de maio, prevese que, en caso que das actuacións practicadas se constate a existencia dun risco grave, de acordo co disposto no capítulo III do título II da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, a autoridade competente en materia de sanidade animal poderá adoptar, como medida preventiva, a prohibición de todo movemento das aves vivas a partir do local afectado, salvo autorización previa de saída con destino ao seu sacrificio en matadoiros autorizados para tal fin, ou en lugares expresamente autorizados para iso. Unha vez sacrificados os animais, só se poderá destinar ao consumo humano a carne procedente de aves de mandas infectadas tras recibir un tratamento térmico industrial ou algún outro tratamento para a eliminación da salmonela que sexa conforme coa lexislación comunitaria sobre hixiene dos alimentos. Cando non se destinen ao consumo humano, deberán utilizarse ou desbotarse baixo control oficial, conforme o disposto no Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados a consumo humano.

Débase ter en conta que, nos ditos supostos, os animais sacrificados teñen escaso ou nulo valor comercial, de xeito que o matadoiro vai repercutir no gandeiro o custo derivado do sacrificio e, se é o caso, destrución, con ou sen tratamento previo, dos cadáveres e demais subprodutos animais resultantes pois o sacrificio supón uns gastos adicionais para o matadoiro, xa que debe realizarse en momentos distintos a aqueles en que se leva a cabo o sacrificio de animais non afectados e destinados a consumo humano, é preciso efectuar tarefas de limpeza e desinfección do material e equipos utilizados, etc. Por iso, é necesario fomentar esta actividade de sacrificio mediante o establecemento dunhas axudas para evitar esta repercusión de custos ao gandeiro, ao tempo que se garante debidamente a sanidade animal e, polo tanto, a saúde pública co sacrificio dos animais afectados ou sospeitosos de o estaren.

De acordo co anterior, mediante este real decreto, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécese a normativa básica das axudas estatais ao sacrificio en matadoiro de aves de curral afectadas, ou sospeitosas, de salmonelose de importancia para a saúde pública.

A contía máxima da axuda é de 0,80 euros por galiña afectada, ou sospeitosa de o estar, dunha salmonelose de importancia para a saúde pública, e, de conformidade co vixente marco de distribución competencial, correspóndelles ás comunidades autónomas toda a xestión das axudas, dentro do marco básico regulado neste real decreto.

Así mesmo, prevese, de acordo co artigo 28.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a concesión directa destas axudas, ao concorreren nelas razóns de interese público, dado que é preciso garantir debidamente a sanidade animal e a seguridade alimentaria co sacrificio das galiñas en matadoiro autorizado expresamente para tal fin, de forma que, dadas as condicións expostas sobre o escaso ou nulo valor comercial destes animais, e que a axuda ten un carácter indemnizatorio, debe garantirse aos matadoiros participantes que percibirán a axuda, pois doutro xeito sería reducido, ou cunha inadecuada distribución territorial, o número de matadoiros interesados, co cal se crearían agravios comparativos, se vería afectada a axeitada salvagarda sanitaria e poderían, mesmo, ocasionarse problemas de benestar animal no caso de que os animais tivesen que percorrer longas distancias para o seu transporte desde a explotación ao matadoiro.

Estas axudas axústanse ao disposto no punto 11.4 das directrices comunitarias sobre axudas estatais do sector agrario (2000/C 28/02), que prevén que poderán conce-

derse axudas de ata un 100 por cento dos custos de sacrificio. De acordo co punto 3.6 das devanditas directrices, ao se tratar de axudas de carácter compensatorio, establécese que se concederán a respecto de actividades xa realizadas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1 *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica das axudas estatais ao sacrificio en matadoiro de galiñas poñedoras afectadas ou sospeitosas de salmonelose de importancia para a saúde pública.

Entenderase como salmonelose de importancia para a saúde pública a producida por «*Salmonella enteritidis*» ou «*Salmonella typhimurium*», sen prexuízo de que a devandita cualificación poida ampliarse a outros serotipos sobre a base dos resultados obtidos nos estudos de vixilancia epidemiolóxica da Unión Europea.

Artigo 2 *Procedemento de concesión das axudas.*

De acordo co disposto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, dado o carácter singular das axudas reguladas neste real decreto e as razóns concorrentes de interese público, establécense axudas para o sacrificio en matadoiro de galiñas poñedoras afectadas, ou sospeitosas de o estaren, de salmonelose de importancia para a saúde pública, en réxime de concesión directa.

Artigo 3 *Actividades subvencionables.*

1. Os gastos obxecto das axudas serán os derivados da realización polo matadoiro dos sacrificios dos ditos animais, así como os gastos do seu transporte previo ao matadoiro.

2. As actividades obxecto de axuda haberán de realizarse desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do exercicio anterior a aquel en que se solicita a axuda.

Artigo 4 *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas os matadoiros que cumpran, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Que estean autorizados pola autoridade competente para o sacrificio de galiñas poñedoras afectadas, ou sospeitosas de o estaren, de salmonelose de importancia para a saúde pública.

b) Que leven a cabo os ditos sacrificios de acordo coas condicións previstas neste real decreto.

Artigo 5 *Prazo de presentación e contido da solicitude.*

1. As solicitudes presentaranse antes do 1 de febreiro de cada ano.

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos, que estará constituída, polo menos, polos seguintes documentos:

a) Unha certificación do veterinario oficial do matadoiro comprensiva dos sacrificios efectuados no ano natural anterior a aquel en que se solicita a axuda, na cal

constarán o número de animais sacrificados, as datas de sacrificio e as explotacións de orixe dos animais, ou a documentación acreditativa correspondente, incluída a declaración responsable do operador do matadoiro coa conformidade ou o visto e prace do dito veterinario oficial, á que se xunte unha copia das actas ou informes do citado veterinario oficial de cada sacrificio efectuado no período de referencia.

b) A documentación acreditativa do custo do transporte e sacrificio dos animais, excluído, se é o caso, o da destrución dos subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano.

c) A documentación subscrita polo gandeiro e o matadoiro, en que conste que os animais se envían ao matadoiro para o seu sacrificio ao estaren as galiñas poñedoras afectadas, ou sospeitosas de o estaren, de salmonelose de importancia para a saúde pública, con mención á correspondente autorización previa de saída da explotación con destino ao seu sacrificio, así como que o sacrificio se realiza dentro do marco da solicitude polo matadoiro das axudas reguladas neste real decreto.

Artigo 6 *Tramitación, resolución e pagamento das axudas.*

1. As solicitudes de axuda dirixiranse á autoridade competente da comunidade autónoma en que radique o establecemento, a cal tramitará o procedemento, resolverá e, se é o caso, pagará a axuda e realizará os controis administrativos e sobre o terreo necesarios.

2. Nas resolucións de concesión da axuda farase constar expresamente que os fondos con que se sufraga proceden dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 7 *Obrigas dos matadoiros.*

Os matadoiros beneficiarios das axudas quedan obrigados á non repercusión aos gandeiros dos custos derivados do sacrificio e do previo transporte dos animais ao matadoiro, polo menos, na parte cuberta polas devanditas axudas.

Artigo 8 *Compatibilidade e contía das axudas.*

1. O importe das axudas, en concorrencia con outras axudas que poidan conceder outras administracións públicas, entes públicos adscritos ou dependentes delas, tanto nacionais como internacionais, e outras persoas físicas ou xurídicas de natureza privada, non poderá superar o custo total da actividade obxecto da axuda, nin a contía máxima de 0,80 euros por animal sacrificado.

2. As comunidades autónomas poderán complementar a contía das axudas mediante fondos propios, ata o límite determinado no punto anterior.

Artigo 9 *Modificación da resolución, incumprimento e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación das resolucións de concesión.

Así mesmo, a obtención concorrente de axudas outorgadas para a mesma finalidade e obxecto por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario supere o custo de toda a actuación obxecto da axuda para o período de que se trate, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das axudas reguladas neste real decreto, ata axustarse a ese límite. Non obstante, se aínda así a suma de axudas supera a cantidade de 0,80 euros por animal sacrificado, reducirase a axuda outorgada en virtude

deste real decreto ata o citado límite de 0,80 euros por animal sacrificado.

2. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da axuda, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á axuda concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades xa percibidas, incrementadas cos xuros de demora legais.

3. Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da axuda, nos demais supostos previstos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 10. *Financiamento das axudas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará as axudas previstas neste real decreto con cargo á aplicación orzamentaria que para cada exercicio se determine nos orzamentos xerais do Estado.

2. A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado, a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, realizarase de acordo co previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Na súa virtude, para cada exercicio establecerase, de acordo coas disponibilidades orzamentarias, e tendo en conta, se é o caso, os remanentes dos fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario que se atopen en poder das comunidades autónomas, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.

Artigo 11. *Deber de información.*

As comunidades autónomas comunicaranlle anualmente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de marzo, a información sobre as solicitudes de axuda recibidas para o respectivo exercicio e os datos relativos ás axudas concedidas e pagadas no ano anterior.

Disposición adicional única. *Compatibilidade das axudas co mercado común.*

A eficacia das resolucións de concesión das axudas reguladas neste real decreto quedará condicionada á decisión positiva sobre compatibilidade co mercado común por parte do órgano competente da Comisión Europea, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Este extremo deberá facerse constar na resolución de concesión da axuda.

Disposición transitoria única. *Prazo de realización das actuacións no ano 2005.*

Non obstante o disposto no artigo 3.2, para o ano 2005 as actividades obxecto da axuda serán as que se realicen desde a entrada en vigor da Orde PRE/1377/2005, do 16 de maio, pola que se establecen medidas de vixilancia e control de determinadas salmoneloses en explotacións de galiñas poñedoras, para os efectos do establecemento dun programa nacional, ata o 31 de decembro de 2005.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

18264 *REAL DECRETO 1261/2005, do 21 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de protección de obtencións vexetais.* («BOE» 265, do 5-11-2005.)

A Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, estableceu, na disposición derradeira cuarta, un prazo de tres meses para a súa entrada en vigor e sinalou, na disposición derradeira terceira, que o Goberno, nun prazo máximo de seis meses desde a súa entrada en vigor, aprobaría o seu regulamento de desenvolvemento.

Porén, a posta en marcha da ponencia técnica da Comisión Bilateral entre a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias que reclamaba as competencias que a Sentenza do Tribunal Constitucional 103/1999, do 3 de xuño, lles recoñeceu ás comunidades autónomas, como consecuencia do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno Vasco e o Parlamento de Cataluña á Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, fixo imposible o cumprimento do prazo fixado pola lei.

A actuación da citada comisión bilateral concluíu coa aprobación da Lei 3/2002, do 12 de marzo, que modifica a Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, no sentido de lles recoñecer competencias ás comunidades autónomas para a recepción e estudo formal das solicitudes e reservarlle ao Estado as competencias sobre o estudo de fondo e a tramitación e resolución dos procedementos. A exposición de motivos da citada Lei 3/2002, do 12 de marzo, sinala que a nova repartición competencial en materia de obtencións vexetais se acomoda á repartición de competencias que o Tribunal Constitucional estableceu na súa sentenza sobre marcas. En consecuencia, o regulamento que agora se aproba segue con fidelidade a técnica establecida pola Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, en relación coas cuestións competenciais, e acomoda os seus postulados á doutrina sentada pola sentenza antes citada.

Solucionada a cuestión competencial, procedeuse sen dilación á elaboración dunha norma que, neste caso, resulta de extraordinaria importancia, se se ten en conta que o regulamento que desenvolvía a anterior Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección de obtencións vexetais, publicado polo Real decreto 1674/1977, do 10 de xuño, e que a Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, mantiña en vigor, non respondía nin ao dereito material recollido na nova lei e que introduce os novos principios da acta de 1991, do Convenio internacional para a protección das obtencións vexetais, nin ao dereito formal que a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públi-

cas e do procedemento administrativo común, estableceu con carácter xeral para a tramitación e resolución dos procedementos.

A aprobación deste regulamento ten, ademais, consecuencias importantes en canto á precisión con que se regula a realización do exame técnico e todas as cuestións relativas aos ensaios de identificación, o establecemento dun procedemento claro de oposicións á concesión do dereito de obtentor, a delimitación do segredo de obtención e o acceso á información e unha regulación equilibrada da información que o obtentor, en relación coas súas variedades, ten dereito a recibir tanto dos titulares das licenzas como das autoridades que interveñen na súa fiscalización.

Convén por último destacar dúas cuestións importantes, a primeira relativa ás denominacións varietais, e a segunda, ao desenvolvemento do mandato contido nos artigos 94 a 107 do Regulamento (CE) n.º 2100/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais.

As denominacións varietais, polo menos no ámbito da Unión Europea, débense adaptar ás disposicións do Regulamento (CE) n.º 930/2000 da Comisión, do 4 de maio de 2000, polo que se establecen disposicións de aplicación referentes á adecuación das denominacións das variedades das especies de plantas agrícolas e especies hortícolas. Estas normas exhaustivas e obxectivas son de aplicación obrigatoria para as variedades que pretendan ser comercializadas no territorio da Unión, e aplícanse igualmente ás variedades para as que se solicite a súa protección na Unión Europea. Porén, os Estados membros tiveron que introducir nas súas lexislacións nacionais sobre protección de obtencións vexetais as ditas disposicións e impedir que unha variedade poida ter denominacións diferentes en función do Rexistro de variedades no cal se solicite. Estas disposicións de dereito comunitario europeo están, por diversos motivos, en constante adaptación e, por seguridade xurídica, optouse por remitirse a aquela e establecer neste regulamento unicamente normas de procedemento.

Polo que respecta ao mandato contido no Regulamento (CE) n.º 2100/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, que vén sinalar a obrigatoriedade de todos os Estados membros da Unión Europea de lles dar ás variedades con protección comunitaria o mesmo trato que ás variedades con protección nacional, no relativo ás medidas de policía administrativa e ás infraccións e sancións, o regulamento, ademais do establecido na disposición adicional segunda, dispón unha medida que garante ese trato unificador e fai extensiva a aplicación do artigo 19 do regulamento, relativo ao «Rexistro e eficacia da toma de razón das licenzas», ás variedades con protección comunitaria, cando algunha das operacións que requiren a autorización do obtentor se vaia realizar no territorio nacional.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2005,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de protección de obtencións vexetais.*

Apróbase o Regulamento de protección de obtencións vexetais que desenvolve os preceptos da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, cuxo texto se insire a continuación.